



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · wwwconcellodacapela.es

CONVOCATORIA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DURANTE O ANO 2016.

1. FINALIDADE E OBXECTO.

O Concello da Capela a través da presente convocatoria tenta apoiar ás entidades e asociacións que traballan no eido cultural e deportivo ou de calquera outro tipo á realización de actividades, construción ou mellora de infraestruturas, e dotación de equipamentos aos efectos de contribuir a que acaden os obxectivos para os que foron creadas e fomentar a participación dos veciños e veciñas contribuíndo deste xeito a impulsar democratización da sociedade.

Consonte ó anterior e de conformidade co disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, Lei 5/1997 do 22 de xullo da administración local de Galicia e Ordenanza reguladora de subvencións e axudas do Concello da Capela, aprobada polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria de data vinteseis de outubro de dous mil catro (BOP número 289 do 17 de decembro de 2004), convócanse para o exercicio 2016 (do 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016) subvencións para actividades culturais, deportivas e dotación de calquer tipo de infraestruturas por un importe máximo de (6.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 2016.231.48000 do orzamento de gastos para o exercicio 2016.

Non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria, as actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio a través doutras convocatorias do Concello da Capela.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · wwwconcellodacapela.es

2. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Ao amparo do establecido no artigo 20.8 a) da Lei Xeral de Subvencións na nova redacción dada pola Lei 15/2014, a presente convocatoria rexistrárase, publicárase e tramitárase a través da BDNS (Base de datos nacional de subvencións).

3. SOLICITANTES.

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no rexistro de Asociacións de Galicia, e no rexistro de asociacións do Concello.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito do Concello da Capela.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ó día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. CONDICIÓNES.

As entidades só poderán solicitar unha subvención.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

O importe da subvención solicitada poderá acadar ata o 80% do orzamento do gasto presentado.

5. DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes deberán formularse no modelo normalizado que se facilitarán nas oficinas municipais do Concello da Capela.

Achegarase á solicitude a seguinte documentación:

- a. Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade.
- b. Fotocopia dos estatutos da entidade.
- c. Certificación da inscrición no Rexistro das Asociacións de Galicia.
- d. Certificación do número de socios activos.
- e. Certificación dos datos bancarios da entidade.
- f. Declaración de estar ó corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- g. Certificación acreditativa do acordo do órgano competente da Entidade polo que se aproba participar nesta convocatoria de subvencións e nomeamento de representante.
- h. Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións do Concello da Capela e de aceptación das bases da convocatoria.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · wwwconcellodacapela.es

- i. Programa de actividades ou investimento que se vai realizar.
- j. Orzamento calculado de gastos.

A documentación que se entregue en fotocopia haberá de ser compulsada na Secretaría do Concello.

Os defectos, erros ou ausencias na presentación da documentación á que se refire esta base deberá ser correxida no prazo de dez días dende a recepción do documento.

As entidades inscritas no Rexistro municipal de asociación quedarán exentas de presentar a documentación a que se fai referencia nos apartados a)b)c)d) e e) do art. 4 das Bases.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello, na forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes comenizará ó día seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e rematará o día 31 de marzo de 2016.

7. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Alcaldía- Presidencia, a proposta motivada da Comisión avaliadora.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde-Presidente do Concello.
- Vogais: 3 concelleiros/as designados/as polo Alcalde-Presidente.
- Secretario: o da Corporación.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- Interese das actividades ou investimentos: 2 puntos.
- Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos: 3 puntos.
- Adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ó interese local: 5 puntos.

A resolución de concesión deberá notificarse expresamente a todos os solicitantes e as contías das subvencións publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello, todo elo no prazo máximo dun mes contado a partir da data da resolución de concesión de subvención.

8. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O prazo para xustificar as subvencións rematará o día 15 de decembro de 2016. Senón se presenta a xustificación dentro do prazo, por



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

resolución da Alcaldía- Presidencia anularase o correspondente compromiso de gasto.

O importe das subvencións concedidas en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións ou entidades públicas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello da Capela, situación que se determinará de oficio polo propio Concello así mesmo as entidades deberán acreditar que están ó corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para o cobro das subvencións as entidades deberán presentar seguinte documentación:

→ Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades ou investimentos para as que foi concedida.

→ Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

→ A acreditación da realización dos gastos realizarase do seguinte xeito:

✓ As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos correntes xustificaranse mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

✓ As subvencións que teñan por finalidade a realización de proxectos que xeren gastos de investimentos xustificaranse no suposto de adquisicións de bens de equipo mediante facturas orixinais ou fotocopias compulsadas e no suposto de execución de obras certificación subscripta por técnico colexiado competente.

O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada pola entidade, no caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención, no caso de que se xustifique gasto inferior ó 100% e polo menos do 50% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención; no caso de que se xustifique gasto inferior ó 50% do orzamento subvencionado non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.

Para o non previsto nesta convocatoria estarase ó disposto na Ordenanza reguladora de subvencións e axudas do Concello da Capela, Bases de execución do orzamento para o exercicio 2016, e Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

A CAPELA, 27 de xaneiro de 2016
O Alcalde,

Manuel Meizoso López

